



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Cultura

*Bases de participación da cabalgata de Entroido 2026*

##### ANUNCIO

Por resolución da concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica número 118/2026 do 22 de xaneiro de 2026, aprobáronse as bases da Cabalgata de Entroido 2026, que se transcriben deseguido:

##### “BASES:

##### BASES DE PARTICIPACIÓN NA CABALGATA DE ENTROIDO AS PONTES 2026

O Concello das Pontes, a través da Concellería de Cultura propón as bases para a participación na Cabalgata de Entroido 2026 que se celebrará o martes día 17 de febreiro.

**1.- Participantes:** poderán participar todas as persoas que así o desexen e teñan a ben cumprir a normativa que aquí se expón.

##### 2.- Categorias:

Cada participante poderá inscribirse na categoría que desexe, tendo en conta a normativa que se especifica nestas bases. As persoas inscritas na cabalgata só poderán participar nunha categoría (ningún participante poderá inscribirse nin participar en máis dunha categoría).

##### 2.1. CATEGORÍA PERSOAS ADULTAS:

- Parellas/tríos
- Individual

A/os participantes nesta categoría deberán ser maiores de 14 anos.

##### 2.2. CATEGORÍA INFANTIL:

- Meniña/os
- Individual
- Parellas/tríos.

A idade máxima para participar na categoría infantil será de 14 anos.

A idade máxima para participar na categoría meniña/os será de 6 anos.

##### 2.3. CENTROS EDUCATIVOS

Esta categoría de disfraces está destinada á participación de **grupos** vinculados aos distintos centros educativos pertencentes ao Concello das Pontes; valorarase o traballo en grupo, interxeracional e a participación colectiva.

Para participar nesta modalidade será obrigatorio un mínimo de 10 compoñentes, sendo a maior parte deles integrantes do centro educativo ao que representan.

A inscrición nesta categoría é excluínte do resto de categorías.

##### 2.4. GRUPOS:

Distinguirase dous tipos de grupos por número de participantes.

- Grupos de 4 a 10 compoñentes.
- Grupos de máis de 10 compoñentes.

##### 2.5. CARROZAS

Entenderase por **carrozas** estruturas de grandes dimensións sobre rodas, autopropulsada ou remolcada, confeccionada para a participación no Entroido e convenientemente deseñada e decorada. As carrozas deberán cumprir o esixido no Anexo I e respectar a normativa de seguridade aplicable.

Non poderán inscribirse como carroza turismos particulares decorados.

No caso de que se produzan danos a bens ou persoas durante a construción, organización e/ou posterior desenvolvemento do desfile de carrozas a responsabilidade que se derive será asumida solidaria e integramente polos inscritos como participantes no concurso que á carroza/s correspondan.

**3.- Inscripcións:** as solicitudes de inscrición presentaranse no Rexistro Xeral do Concello das Pontes ou a través da sede electrónica (<https://sede.aspontes.com>) en impreso normalizado para este fin. Este impreso estará tamén dispoñible no departamento de cultura (Casa Dopeso, rúa Rosalía de Castro, 1º andar).

**O prazo de inscrición abrirase ao día seguinte da publicación destas bases no BOP e rematará o luns 16 de febreiro de 2026 ás 12:00h. As solicitudes presentadas fora deste prazo serán desestimadas.**

Os grupos deberán presentar a seguinte documentación:

**Asociacións legalmente constituídas:**

- Copia do CIF da entidade
- Certificación de datos bancarios da entidade \*
- Documento de sinaturas de todos os participantes cuberto (Anexo II).

**Agrupacións informais:**

- Copia do DNI da persoa representante da agrupación
- Certificación de datos bancarios da persoa/s representante/s \*
- Documento de sinaturas de todas as persoas participantes cuberto (Anexo II).

**4.-** O dorsal asignado poderá recollerse nas oficinas do departamento de cultura, ao día seguinte de rexistrar a solicitude.

Os dorsais non retirados con anterioridade á celebración da cabalgata entregaranse no lugar da saída dende as 16:30h. Para retirar o dorsal **deberán presentar a copia da inscrición rexistrada**. O xurado non avaliará ás persoas participantes que non amosen o **dorsal** que se lles entrega.

**5.-** Todas as persoas participantes deberán facer o **percorrido completo** que se especifica nestas bases.

As actuacións, bailes, coreografías, etc... desenvolvidas polas persoas participantes levaranse a cabo durante o percorrido da cabalgata, xa que as persoas membros do xurado avaliarán aos/ás participantes no desfile dende diferentes puntos do percorrido sen determinar. Por cuestións de organización non haberá actuacións no lugar de remate da cabalgata.

**6.-** Aquelas persoas participantes que se anoten en categorías que esixan a participación de máis dunha persoa, deberán facer o **percorrido en conxunto**, xa que o xurado só avaliará como participantes ás persoas que acompañen á persoa portadora do dorsal co número de inscrición.

**7.-** Por motivos de seguridade queda prohibida a participación de calquera tipo de animal na cabalgata, xa sexa desfilando ou como elemento de tracción dalgún tipo de carroza ou similar.

**8.-Premios:**

**CATEGORÍA PERSOAS ADULTAS**

PREMIO	INDIVIDUAL	PARELLAS/TRÍOS
1º	100.00 €	225.00 €
2º	75.00 €	150.00 €

**CATEGORÍAS INFANTIL E MENIÑA/OS**

PREMIO	INDIVIDUAL	PARELLAS/TRÍOS
2 premios	50.00 €	75.00 €

MENIÑA/OS (ata 6 anos)	25 € (máximo 20 participantes)
------------------------	--------------------------------

**CATEGORÍA GRUPOS DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DAS PONTES**

PREMIO	Mínimo 10 compoñentes
1º	400.00 €
2º	300.00 €
3º	200.00 €

**CATEGORÍA GRUPOS**

PREMIO	GRUPOS de 4 a 10 compoñentes	GRUPOS máis de 10 compoñentes
1º	500.00 €	700.00 €
2º	400.00 €	600.00 €
3º	300.00 €	500.00 €

**CATEGORÍA CARROZAS**

PREMIO	CARROZAS
1º	850.00 €
2º	675.00 €
3	550.00 €

As persoas premiadas daranse a coñecer unha vez rematada a cabalgata.

As persoas participantes que resulten premiadas recibirán na entrega dos premios, un vale polo valor do premio, xunto co impreso de datos bancarios.

**\* O prazo para presentar a certificación de datos bancarios da persoa/s premiada/s rematará o 11 de marzo de 2026. As persoas/entidades que non aporten este documento non poderán cobrar o premio.**

O pago dos premios na categoría adulta farase mediante transferencia bancaria ás persoas ou entidades que figuren como representantes na solicitude de inscrición da cabalgata.

Na categoría infantil o pago dos premios farase por transferencia bancaria á persoa (representante legal: nai/pai ou titor/a) que formalice a solicitude de inscrición.

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF de acordo coa lexislación vixente.

**9.-** Á hora de conceder os premios valoraranse aspectos como a orixinalidade, vestiario, maquillaxe, calidade musical, capacidade de representación, coreografía... así como o desenfado e interpretación do disfraz que representan; nos grupos terase en conta ademais o número de compoñentes.

**10.-** O xurado estará formado por persoas designadas pola concellería de cultura, e unha persoa representante do Concello das Pontes, con voz pero sen voto. As decisións do xurado serán inapelables. A valoración das persoas participantes levarase a cabo ao inicio e durante o percorrido da cabalgata.

Algún dos premios poderá quedar deserto por decisión do xurado, e así mesmo, no caso de que haxa máis premios que persoas participantes nalgunha das categorías, o xurado poderá modificar o número de disfraces premiados noutra categoría (sempre que exista crédito suficiente).

**11.-** A participación na cabalgata implica a aceptación destas bases.

**12.-** Se coa finalidade de mellorar a organización e desenvolvemento dos actos programados se considerase axeitado introducir modificacións ao aquí fixado poderá facerse pola comisión organizadora e será notificado antes do comezo da cabalgata.

Por motivos climatolóxicos, o desfile da cabalgata poderá ser adiado, modificado ou suspenderse definitivamente.

**Saída:** Rúa Monte Caxado ás **17:00 horas** do martes 17 de febreiro de 2026.

**Percorrido:** Avda. de Ortigueira, Avda. Castelao, Avda. Galicia, Rúa Rosalía de Castro, Rúa Ramón Cabanillas ata o patio do colexio Santa María.

**Entrega de premios:** os premios daranse a coñecer á chegada da cabalgata e entregaranse nese momento. Todas as persoas participantes deberán esperar o anuncio da/os premiada/os xa que a ausencia dos mesmos dará lugar a que o premio se lle outorgue ao seguinte clasificada/o.

**13. Protección de Datos.** As persoas participantes farán un uso lícito dos seus datos persoais e do resto de participantes, incluído no uso dos seus propios dispositivos dixitais persoais. **Información sobre protección de datos. Responsable do tratamento: Concello das Pontes. Finalidade:** Xestión administrativa do concurso ou evento e os seus participantes. Gravación de imaxes para a súa difusión con fins promocionais e para a valoración dos premiados. Remisión de información sobre as actividades promovidas desde cultura. Datos de contacto do **Delegado de Protección de Datos:** lopd@aspontes.org Base xurídica: inscrición e consentimento, o cal é sempre revogable. **Destinatarios:** non serán cedidos a terceiros salvo disposición legal. No caso de imaxes, terán acceso usuarios da internet e redes sociais en aberto e no seu caso as persoas que avalíen os premios. **Criterios de conservación:** conforme aos prazos de reclamacións. Dereitos: acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, portabilidade, dirixíndose ao Concello das Pontes, Parque Municipal s/n, 15320 As Pontes (A Coruña), ao email info@aspontes.org ou dirixíndose á Sede electrónica. Pode interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

**ANEXO I.****Grupos que presenten carroza**

1. Cada carroza contará cun tractor ou medio de locomoción que a remolque durante o percorrido. En caso de camión-carroza, non será necesario outro vehículo para remolcar.
- 2.- Estes vehículos a motor deberán contar co permisos de circulación, de inspección técnica (ITV) e os seguros correspondentes, baixo a responsabilidade das persoas que figuren como inscritas.
- 3.- As persoas condutoras deberán contar co permiso de conducir apropiado para cada vehículo, e estará en vigor na data do evento.
- 4.- As persoas condutoras cumprirán o establecido no RD 2822/1998 (Regulamento xeral de condutores). Prohíbese o consumo de bebidas alcohólicas.
5. Os vehículos de arrastre deberán ter cheo o depósito de combustible para evitar problemas durante o percorrido pola vila.
6. As medidas máximas serán dun longo non superior aos 6 metros, dun ancho non superior aos 2,20 metros e dun alto non superior a 4 metros. En ningún caso se poderán sobrepasar as medidas establecidas.
7. Non deberán posuír elementos cortantes e deben contar con faldóns que protexan e oculten as rodas.
8. Non se poderá empregar iluminación mediante velas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.
9. Aquelas carrozas que precisen de grupo electrógeno deberano protexer de golpes e inclemencias meteorolóxicas. O seu combustible non se poderá transportar na carroza, deberá ir no vehículo de arrastre convenientemente situado para garantir a seguridade durante o desfile ou nun depósito homologado.
10. Deberase levar un mínimo dun extintor homologado e revisado.
11. Non se permite a utilización de dispositivos lanzachamas e pirotecnia.

## SOLICITUDE PARTICIPACIÓN CABALGATA DE ENTROIDO 2026. AS PONTES

## DATOS DA PERSOA INTERESADA/REPRESENTANTE

Nome e apelidos \_\_\_\_\_

## ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enderezo \_\_\_\_\_

CP \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_ Teléfono \_\_\_\_\_

## ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

 **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>)Notifíquese a:  Interesada/o  Representante

**Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.** Ao elixir esta modalidade de notificación vostede autoriza a alta no Sistema Notific@. Os avisos da posta á disposición da notificación enviaranse ao correo electrónico e/ou teléfono móbil que se facilitan de seguido:

TELÉFONO MÓBIL: \_\_\_\_\_

CORREOELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

 **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

## CATEGORÍA NA QUE SE INSCRIBE (Marcar cunha cruz o que proceda)

<input type="checkbox"/> PERSOAS ADULTAS	<input type="checkbox"/> Individual	<input type="checkbox"/> Parellas/tríos
<input type="checkbox"/> INFANTIL	<input type="checkbox"/> Meniña/os	<input type="checkbox"/> Individual <input type="checkbox"/> Parellas/Tríos
<input type="checkbox"/> GRUPOS	<input type="checkbox"/> De 4 a 10 compoñentes	<input type="checkbox"/> Máis de 10 compoñentes
<input type="checkbox"/> CENTROS EDUCATIVOS	(Só para centros educativos do Concello das Pontes)	
<input type="checkbox"/> CARROZAS		

Nome do disfrace \_\_\_\_\_

Nº dorsal \_\_\_\_\_ Nº persoas participantes (só grupos) \_\_\_\_\_

Observacións/ descrición do disfrace \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

As Pontes, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

**Información sobre protección de datos. Responsable do tratamento:** Concello das Pontes. **Finalidade:** Xestión administrativa do concurso ou evento e os seus participantes. Gravación de imaxes para a súa difusión con fins promocionais e para a valoración dos premiados. Remisión de información sobre as actividades promovidas desde cultura. Datos de contacto do **Delegado de Protección de Datos:** [lopd@aspontes.org](mailto:lopd@aspontes.org) **Base xurídica:** inscrición e consentimento, o cal é sempre revogable. Destinatarios: non serán cedidos a terceiros salvo disposición legal. No caso de imaxes, terán acceso usuarios da internet e redes sociais en aberto e no seu caso as persoas que avalíen os premios. **Criterios de conservación:** conforme aos prazos de reclamacións. **Dereitos:** acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, portabilidade, dirixíndose ao Concello das Pontes, Parque Municipal s/n, 15320 As Pontes (A Coruña), ao email [info@aspontes.org](mailto:info@aspontes.org) ou dirixíndose á Sede electrónica. Pode interpoñer unha reclamación #ante a Axencia Española de Protección de Datos.

**ANEXO II: documento de sinaturas para grupos.**

É necesaria a sinatura de toda/os a/os compoñentes.

As persoas abaixo asinantes, persoas participantes do grupo \_\_\_\_\_,

que participaron na cabalgata de Entroido do Concello de As Pontes, autorizamos a

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ e

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ e

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_

para o cobro do premio que o xurado da cabalgata entroido 2023 lle outorgou a este grupo/carroza.

O ingreso deberá efectuarse na conta presentada no Certificación de datos bancarios presentados.

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	SINATURA
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
17			
18			
19			
20			

Información sobre protección de datos. Responsable do tratamento: Concello das Pontes. Finalidade: Xestión administrativa do concurso ou evento e os seus participantes. Gravación de imaxes para a súa difusión con fins promocionais e para a valoración dos premiados. Remisión de información sobre as actividades promovidas desde cultura. Datos de contacto do Delegado de Protección de Datos: lopd@aspontes.org Base xurídica: inscrición e consentimento, o cal é sempre revogable. Destinatarios: non serán cedidos a terceiros salvo disposición legal. No caso de imaxes, terán acceso usuarios da internet e redes sociais en aberto e no seu caso as persoas que avalíen os premios. Criterios de conservación: conforme aos prazos de reclamacións. Dereitos: acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, portabilidade, dirixíndose ao Concello das Pontes, Parque Municipal s/n, 15320 As Pontes (A Coruña), ao email info@aspontes.org ou dirixíndose á Sede electrónica. Pode interpoñer unha reclamación #ante a Axencia Española de Protección de Datos.

**2º-** Ordenar a inserción das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia.

As Pontes de García Rodríguez

22 de xaneiro de 2026

A concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica.

Elena López Seco”

2026/371